

CONVENIO ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA E O CONVENIO ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA E O CONCELLO DE VILANOVA DE AROUSA PARA A EXECUCIÓN DE ACTUACIÓNS DE EMBELECIMENTO DO LITORAL NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA, FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA-NEXTGENERATIONEU

O xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou co Concello de Vilanova de Arousa o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura ata o 30 de xuño de 2026.

Que o instrumento convencional ten por obxecto articular a colaboración entre as partes asinantes para executar actuacións de embelecemento do litoral consistentes na construción da pasarela peonil en San Miguel de Deiro e da senda Rego do Alcalde, con cargo aos Fondos Europeos procedentes do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, así como o importe necesario para a súa execución.

En concreto, este proxecto incluído na ACD Rehabilitación de recursos emblemáticos do litoral galego do Plan Territorial de Sustentabilidade Turística Litoral de Galicia do 2021 de referencia enmárcase no Obxectivo 219 da Decisión de Execución do Consello, relativo á adxudicación do orzamento para os Plans de Sustentabilidade Turística en Destinos , así como nos fitos 220, relativo á execución dos Plans de Sustentabilidade Turística en Destinos, e 221, relativo á finalización dos Plans de Sustentabilidade Turística en Destinos.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- O 21 de xullo de 2020, o Consello Europeo adoptou as Conclusións sobre o



Plan de Recuperación e o marco financeiro plurianual para 2021-2027. Estas medidas xuntan o marco financeiro plurianual (MFP) para 2021-2027, reforzando a posta en marcha dun Instrumento Europeo de Recuperación («Next Generation EU»), cuxo elemento central é o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, establecido polo Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021.

A instrumentación da execución dos recursos financeiros do Fondo Europeo de Recuperación realizarase a través do Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia, aprobado por Acordo do Consello de Ministros do 27 de abril de 2021, e de conformidade co establecido pola Decisión de Execución do Consello relativa a aprobación da avaliación do plan de recuperación e resiliencia de España (Council Implementing Decision - CID), do 13 de xullo de 2021.

O Goberno de España ditou a Real decreto-lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia e as Ordes HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia e HFP/1031/2021, do 29 de setembro, pola que se establece o procedemento e formato da información para proporcionar polas Entidades do Sector Público Estatal, Autonómico e Local para o seguimento do cumprimento de fitos e obxectivos e de execución orzamentaria e contable das medidas dos compoñentes do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

Segundo.- Os Plans Territoriais elabóranse mediante un proceso participativo e de colaboración entre as tres administracións públicas competentes e os diferentes actores públicos e privados do ecosistema turístico do destino.

O Plan Territorial de Sustentabilidade Turística Litoral de Galicia do 2021 aprobouse no marco da Estratexia de Sustentabilidade Turística en Destinos, posta en marcha pola Secretaría de Estado de Turismo no ano 2021, ao amparo do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR).

As medidas que recolle o PRTR cumpren cos seis piares establecidos no Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, e



articúlense ao redor de catro eixos principais: a transición ecolóxica, a transformación dixital, a cohesión social e territorial e a igualdade de xénero. Estes catro eixos desenvólvense a través de dez políticas panca que integran, á súa vez, 30 compoñentes para contribuír a alcanzar os obxectivos xerais do Plan.

O Plan Territorial encádrase no Compoñente 14 "Plan de modernización e competitividade do sector turístico", liña de investimento 1 "Transformación do modelo turístico cara a sustentabilidade", submedida 2 "Plans de sustentabilidade turística en destino.

Galicia, como destino natural relevante polas súas paisaxes e especialmente polo atractivo do seu litoral cun enorme valor paisaxístico e ambiental, actúa como factor de atracción para quen a visita cunha costa única configurada a través das súas rías, cabos, praias, vilas e pobos mariñeiros, cidades atlánticas e portos. O Plan Territorial de Sustentabilidade Turística de Galicia do ano 2021 ten como prioridade o fomento e execución de actuacións de turismo sustentable en destinos do litoral da propia comunidade autónoma. A rehabilitación de fachadas e recursos emblemáticos do litoral de Galicia é unha Actuación de Cohesión entre Destinos (ACD) do dito plan, coa que se pretenden abordar accións concretas encamiñadas á conservación e mellora do patrimonio singular e de uso turístico que se localiza ao longo da costa galega. Trátase dun proxecto integral de posta en valor da fachada marítima encamiñada ao embelecemento, acondicionamento e revitalización dos destinos nos ámbitos de infraestruturas, patrimonio e cultura, intervención nos espazos públicos, sinalización e accesibilidade dos seus recursos a través da dixitalización. Esta Actuación de Cohesión entre Destinos resulta especialmente relevante pola necesidade de recuperación da fachada do litoral galego, na que se localizan por unha banda, numerosas vilas e cidades e por outro, gran cantidade de infraestruturas en desuso, en estado de mala conservación ou con necesidade de rehabilitación debido á súa singularidade e localización e ao impacto que a súa imaxe representa ante a chegada do turismo.

Esta é a descrición das actuacións previstas na ACD:

Plan Territorial 2021: ACD-Rehabilitación de recursos emblemáticos do litoral			
Eixos de actuación	Nº	Actuación	Total



Plan Territorial 2021: ACD-Rehabilitación de recursos emblemáticos do litoral			
Eixos de actuación	Nº	Actuación	Total
Transición verde e sostible	1	Rehabilitación do patrimonio en espazos singulares do litoral.	2.700.000,00 €
	Total Eixo 1		2.700.000,00 €
Mellora da eficiencia enerxética	1	Mellora da fachada turística do litoral.	1.125.000,00 €
	Total Eixo 2		1.125.000,00 €
Transición dixital	3	Dixitalización de recursos con potencial turístico no litoral.	425.000,00 €
	1	Rehabilitación do patrimonio en espazos singulares do litoral.	250.000,00 €
	Total Eixo 3		675.000,00 €
Competitividade	2	Mellora da fachada turística do litoral.	950.000,00 €
	4	Xestión e asistencia técnica.	110.000,00 €
	1	Rehabilitación do patrimonio en espazos singulares do litoral.	1.110.000,00 €
	Total Eixo 4		2.170.000,00 €
Total			6.670.000,00 €

A Comunidade Autónoma de Galicia puxo en marcha tres convocatorias de axudas con cargo a esta ACD, dúas delas dirixidas a concellos do litoral galego e unha dirixida a establecementos turísticos. Unha vez resoltas estas tres convocatorias, no Eixo 1 (transición verde e ecolóxica) existe un remanente que permite financiar as actuacións previstas neste convenio con cargo á aplicación 04.A2.761A.760.0 proxecto 2022 00001.

As actuacións propostas polo Concello de Vilanova de Arousa enmárcanse dentro do eixo 1 ao tratarse dunha inversión en zonas verdes a través de vías verdes, camiños e sendeiros, espazos naturais que fomenten a biodiversidade vexetal, que permiten conectar distintos puntos de interese turístico ao tempo que contribúen á creación de novos produtos turísticos, tales como rutas polas zonas verdes”.

6. O concello de Vilanova de Arousa atópase situada nunha situación privilexiada, en pleno corazón do Salnés, limitando cos municipios de Ribadumia, Cambados, Meaño e Meis. O instrumento de intervención é o desenvolvemento do proxecto de embelecemento do litoral con dúas actuacións: construción da pasarela peonil en San Miguel de Deiro e da Senda Rego do Alcalde en Vilanova de Arousa, por un importe de 380.643,00 euros.

As actuacións concretas que se levarán a cabo na execución de actuacións de embelecemento do litoral son:

-A pasarela peonil en San Miguel de Deiro. A zona de actuación encóntrase no litoral da



parroquia de San Miguel de Deiro pertencente ao concello de Vilanova de Arousa, na contorna da Praia das Patiñas, concretamente na desembocadura do Rego do Alcalde. Debido á existencia do cauce mencionado, non existe continuidade da servidume de tránsito no fronte marítimo costeiro. O obxecto do presente proxecto é a recuperación do mesmo mediante a construción dunha nova pasarela peonil que permita dar continuidade ao tránsito peonil na fronte litoral.

Para lograr os obxectivos mencionados anteriormente proxéctase unha pasarela peonil tipo pantalán de 80,28 metros de lonxitude coa fin de salvar o desnivel entre as sendas existentes en ambas marxes e o propio leito do cauce. A pasarela resólvese mediante unha estrutura metálica de aluminio apoiada en 4 pilas e dous estribos nos seus extremos.

A pasarela contará con barandillas interiores de aluminio antiescalable e antiatrapamento mentres que o pavimento será de material técnico ecolóxico Twinwood antideslizante.

A actuación complementarase coa execución de embarques nos extremos da pasarela con unha sección tipo duns 3m de ancho formada por unha capa superficial de 7 cm de xabre estabilizado con cemento sobre unha capa de zaborra artificial.

-A senda Rego do Alcalde. A zona de actuación encóntrase entre o vial pavimentado situado ao sur do Rego do Alcalde, desde a senda existente na zona próxima á Punta das Casiñas, ata o bombeo nº2 situado ao norte do Rego do Alcalde, todo el no Concello de Vilanova de Arousa. Dado que, na actualidade non existe continuidade na servidume de tránsito na fronte marítimo costeira. O obxecto do presente proxecto é a recuperación e posta en valor do mesmo, mediante a execución dunha senda peonil naqueles tramos nos que os camiños existentes non cumpren coas condicións de itinerario peonil accesible.

Para lograr os obxectivos mencionados anteriormente proxéctase unha senda peonil, dividida en tres tramos: o primeiro duns 190 m de lonxitude, o segundo duns 47 m de lonxitude e o terceiro duns 96 m de lonxitude. O primeiro tramo de senda discorre desde a senda existente na zona próxima á Punta das Casiñas, ata o límite do DPMT (Dominio Público Marítimo Terrestre) na zona sur do Rego do Alcalde. Para conectar ambos



extremos do Rego do Alcalde vaise executar unha pasarela. Na zona norte do Rego do Alcalde proxéctanse os tramos dous e tres co obxectivo de conectar a citada pasarela (zona límite do DPMT) coa zona próxima ao bombeo.

A sección tipo proxectada é de 3m de ancho, formada por unha capa superficial de 7cm de xabre estabilizado con cemento sobre unha capa de 15cm de zahorra artificial. En ambos marxes da senda inclúese un bordo de formigón de 8cm de ancho que permite confinar as capas de afirmado proxectadas.

As actuacións contempladas no presente proxecto, pretenden recuperar e dar continuidade peonil á servidume de tránsito de costas no borde litoral, e poñer en valor a fronte marítimo costeira na que se actúa. Así mesmo, a actuación permite facilitar a conexión peonil litoral entre os Concellos de Vilanova de Arousa e Cambados promovendo o coñecemento do patrimonio cultural que existe nas inmediacións da zona de actuación (sen afectar ao mesmo) entre as que destacan: Variante espiritual do Camiño de Santiago e Embarcadoiro romano (Rego do Alcalde).

Terceiro.- Que a Comunidade Autónoma de Galicia, en virtude da competencia exclusiva en materia de turismo, atribuída polo artigo 27.21 do seu Estatuto de Autonomía, aprobado pola Lei orgánica do 6 de abril de 1981, desenvolveu, así mesmo no exercicio das súas competencias, diferentes actuacións coa finalidade de mellorar a situación turística das entidades locais promovendo plans, programas e normas para a modernización e adecuación da industria turística ás tendencias da demanda.

A Axencia de Turismo de Galicia é a entidade pública instrumental creada polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro (DOG núm. 193, do 9 de outubro), como axencia pública autonómica, co obxectivo de impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e



do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

O xerente de Turismo de Galicia

Antonio Casas Calviño

